



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 29 DE XULLO DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 10:30 horas do día 29 de xullo de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 28-07-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Fco. Javier Pardo Espiñeira

Vocais:

Dna. Susana Garcia Álvarez
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela
D. Oscar Couce Senra
D. Miguel Fidalgo

Secretaria: Dna Beatriz Barbará Rodríguez

Aberta a sesión polo Sr. Presidente, se procede a tratar os puntos incluídos na **orde do día:**

1.- Aprobación de actas

a) **Acta da sesión do 28.07.2016**

Se aproba, por unanimidade dos membros asistentes á presente sesión, a acta da sesión desta Mesa celebrada o día 28 de xullo de 2016.

2.- Apertura administrativa

a) **Procedemento aberto do servizo de vixilancia de seguridade no edificio do Gran Hotel Samil (19854-240)**

Dase conta da documentación presentada por ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A., durante o prazo de emenda.

Tras a cualificación da documentación presentada, e dado que acredita a súa solvencia técnica, a Mesa, acorda por unanimidade admitir neste procedemento a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:35	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A642-CBD7B5-582A81-9LCLJX-FBG6H1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.-Apertura económica

- a) Procedemento aberto do servizo de vixilancia de seguridade no edificio do Gran Hotel Samil (19854-240)

En acto público, procedese a apertura do sobre C "Criterios avaliados mediante fórmula do procedemento de referencia, co seguinte resultado:

Licitadores	Prezo
ILUNION SEGURIDAD, SA	79,011.33 €
ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, SA	60,841.70 €
SERVICIOS DE SEGURIDAD INTEGRAL E MANTENEMENTOS A-1, SL	80,821.95 €
COMPAÑÍA INTEGRAL DE SEGURIDAD, SA	76,847.10 €
GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, SA	73,568.00 €
ASTRA SISTEMAS, SA	74,294.19 €
EULEN SEGURIDAD, SA	73,326.00 €
CLECE SEGURIDAD, SAU	74,938.31 €
GRUPO RMD SEGURIDAD, SL	75,257.16 €

4. Estudo e, no seu caso, aceptación, dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240)**

Durante a substanciación do procedemento previsto no artigo 152 do TRLCSP, presentaron xustificación das súas ofertas as seguintes mercantís: COPCISA, S.A. e CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.

CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.; CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U. e CONSTRUCCIONES OREGA, S.L., non presentaron xustificación no prazo conferido ó efecto.

Acéptanse ós informes dos enxeñeiros municipais, de data 28 de xullo de 2016, de valoración das xustificacións presentadas polas empresas cuxas ofertas conteñen valores anormais ou desproporcionados. Á vista destes informes, e da falla de presentación de xustificación das súas ofertas polas empresas citadas no parágrafo anterior, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda propoñer á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión do procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240), por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados e non xustificalos, aos seguintes licitadores:

- COPCISA, S.A.
- CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:35	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A642-CBD7B5-582A81-9LCLJX-FBG6H1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

- CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.
- CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.
- CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.

5.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240)**

O xefe do servizo administrativo e control orzamentario entrega un novo informe de valoración do "SOBRE C: PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE FÓRMULA e clasificando as ofertas por orde descendente, que substitúe o enviado coa convocatoria da Mesa, por terse atopado erros no mesmo. A Mesa, por unanimidade, acorda aceptar o citado informe de data 29 de xullo de 2016.

6.- Proposta de clasificación

- a) **Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240)**

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Excluir do procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento dos espazos da nova aula da Universidade de Educación a Distancia (UNED) no edificio Auditorio-Pazo de Congressos, na avda. de Beiramar, en Vigo (19846-240), por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, e non ter xustificado ós mesmos, consonte os informes dos enxeñeiros municipais de data 28 de xullo de 2016, aos seguintes licitadores: CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.; COPCISA, S.A.; CONSTRUCCIONES CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.; CONSTRUCCIONES OREGA, S.L. e CONSTRUCCIONES RAMIREZ, S.L.U.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:35	Páxina 3 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A642-CBD7B5-582A81-9LCLJX-FBG6H1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Empresas	Puntuación
1. ORECO EMPRESA CONSTRUCTORA	91,84
2. CIVISGLOBAL	87,94
3. UTE PRACE COPSESA	87,28
4. OGMIOS	78,87
5. UTE ACEVI-GPD	76,98
6. PLAINTEC	67,22

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ORECO, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 966,66 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

b) Procedemento aberto do servizo de vixilancia de seguridade no edificio do Gran Hotel Samil (19854-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento na seguinte orde decrecente:

Nº	LICITADOR	PUNTUACIÓN
1	ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A.	100,00
2	EULEN SEGURIDAD, S.A.	93,08
3	GRUPO CONTROL EMPRESA DE SEGURIDAD, S.A.	93,01





CONCELLO DE VIGO CONTRATAÇÃO

4	ASTRA SISTEMAS, S.A.	92,82
5	CLECE SEGURIDAD, S.A.U.	92,64
6	GRUPO RMD SEGURIDAD, S.L.	92,56
7	COMPAÑÍA INTEGRAL DE SEGURIDAD, S.A.	92,13
8	ILUNION SEGURIDAD, S.A.	91,54
9	SERVICIOS DE SEGURIDAD INTEGRAL E MATEMENTO A-1	91,02

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ALCOR SERVICIOS DE SEGURIDAD, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Resgado da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 903,16 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 11:00 horas. De todo elo eu secretaria dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

A Secretaria



D. Fco. Javier Pardo Espiñeira

Dna. Beatriz Barbará Rodríguez



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 04:35	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A2A642-CBD7B5-582A81-9LCLJX-FBG6H1-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		